



## Instrución da Secretaría Xeral sobre os documentos válidos e as persoas autorizadas para efectuar solicitudes de expedición e entrega de títulos académicos oficiais, duplicados, suplementos europeos ao título e certificacións académicas

En exercicio da competencia delegada polo reitor para a coordinación das políticas de revisión, simplificación e actualización normativa (Resolución reitoral de 16/01/2024), dítase a presente instrución sobre os documentos válidos e as persoas autorizadas para efectuar solicitudes de expedición e entrega de títulos académicos oficiais, duplicados, suplementos europeos ao título e certificacións académicas.

### Artigo 1. Obxecto da instrución

O obxecto desta instrución é a determinación dos documentos válidos para a solicitude de títulos universitarios oficiais, duplicados, suplementos europeos ao título e certificacións académicas, así como os procedementos para a súa expedición e entrega.

### Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta instrución será de aplicación á solicitude e entrega de:

- Títulos universitarios oficiais (e certificado supletorio), duplicados e Suplementos Europeos ao Título (SET) de:
  - Arquitecto, Arquitecto Técnico, Diplomado, Enxeñeiro, Enxeñeiro Técnico, Licenciado e Mestre finalizados con posterioridade ao 2 de xaneiro de 1988.
  - Doutor cuxa tese de doutoramento fora aprobada con posterioridade ao 7 de agosto de 1989.
  - Grao e Máster Universitario.
- Certificacións académicas, isto é, os documentos que acreditan as cualificacións obtidas por el alumnado nos seus estudos e que supoñen, no seu caso, o pagamento da taxa establecida. Estas certificacións poden ser oficiais, que se entregarán pola universidade ao organismo solicitante, ou persoais, que se entregarán pola universidade conforme ao disposto nesta instrución.

### Artigo 3. Ámbito subxectivo

- Esta instrución determina quen e baixo que condicións se pode solicitar a expedición e recibir os documentos sinalados no artigo anterior.
- Tanto a solicitude de expedición da documentación, como recepción da mesma poden ser realizadas pola persoa interesada ou por outra persoa autorizada por ela.
- Cando as actuacións sexan realizadas pola persoa interesada, debe acreditarse a súa identidade conforme ás condicións establecidas nos artigos seguintes.

Código Seguro De Verificación	ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	30/05/2024 14:43:00
Observacións		Páxina	1/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





4. Cando as actuacións sexan realizadas por persoa autorizada, esta deberá estar debidamente autorizada e deberá acreditarse tanto a identidade da persoa interesada como da autorizada conforme ás condicións establecidas no artigos seguintes.

Servirá de autorización un escrito asinado pola persoa interesada no que conste a actuación que se autoriza e o nome, apelidos e número do documento acreditativo da identidade da persoa autorizada.

#### Artigo 4. Documentación acreditativa da identidade das persoas interesadas e autorizadas

1. Considéranse documentos acreditativos da identidade, sempre que estean en vigor, os seguintes:

- Documento Nacional de Identidade (DNI) español.
- Pasaporte.
- Número de Identidade de Estranxeiro (NIE) ou Tarxeta de residencia.
- Cédula ou carta de identidade dun estado da Unión Europea.
- Número identificativo UE.

2. Para que a identidade quede acreditada no marco dos procedementos recollidos nesta instrución, deberá entregarse o documento orixinal e unha copia para o seu cotexo, ou unha copia compulsada, que quedará en poder da Universidade.

#### Artigo 5. Solicitud de expedición

A solicitud de expedición dos documentos recollidos no artigo 2 poderá realizarse:

- Pola persoa interesada, acreditando a súa identidade a través do DNI/Pasaporte/NIE. Recomendase a utilización do DNI ou do NIE, xa que estes documentos permitirán que, unha vez obtido o título, a persoa poida autorizar a consulta do dito título a terceiros a través do Ministerio competente en materia de Universidades.
- Por persoa autorizada, que deberá acreditar a súa identidade a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4 e a da persoa interesada mediante o DNI/Pasaporte/NIE.

#### Artigo 6. Entrega

1. Os títulos universitarios oficiais comprendidos no ámbito de aplicación desta normativa, e os seus duplicados, poderán ser entregados:

- Á persoa interesada, acreditando a súa identidade a través do DNI/Pasaporte/NIE.
- A unha persoa autorizada, que deberá acreditar a súa identidade a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4 e a da persoa interesada mediante o DNI/Pasaporte/NIE.
- Mediante envío á Delegación/Subdelegación do Goberno ou Representación Diplomática no exterior que indique a persoa interesada ou a autorizada na solicitud.

Código Seguro De Verificación	ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	30/05/2024 14:43:00
Observacións		Páxina	2/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





2. O SET dos títulos universitarios oficiais comprendidos no ámbito de aplicación desta normativa e as certificacións académicas persoais poderán ser entregados:

- a) Á persoa interesada, acreditando a súa identidade a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4.
- b) A unha persoa autorizada, que deberá acreditar a súa identidade e a da persoa interesada a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4.
- c) Mediante envío por correo postal con aviso de recepción á dirección que indique a persoa interesada ou a autorizada na súa solicitude, previo pago da taxa que aprobe o Consello Social para cada curso académico.

3. As certificacións supletorias dos títulos universitarios oficiais comprendidos no ámbito de aplicación desta normativa poderán ser entregados:

- a) Á persoa interesada, acreditando a súa identidade a través do DNI/Pasaporte/NIE.
- b) A unha persoa autorizada, que deberá acreditar a súa identidade a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4 e a da persoa interesada mediante o DNI/Pasaporte/NIE.
- c) Mediante envío por correo postal con aviso de recepción á dirección que indique a persoa interesada ou a autorizada na solicitude, previo pago da taxa que aprobe o Consello Social para cada curso académico.
- d) Mediante envío á dirección de correo electrónico institucional na UDC da persoa interesada.

4. As certificacións académicas persoais poderán ser entregadas:

- a) Á persoa interesada, acreditando a súa identidade a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4.
- b) A unha persoa autorizada, que deberá acreditar a súa identidade e a da persoa interesada a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4.
- c) Mediante envío por correo postal con aviso de recepción á dirección que indique a persoa interesada ou a autorizada na solicitude, previo pago da taxa que aprobe o Consello Social para cada curso académico.
- d) Mediante envío á dirección de correo electrónico institucional na UDC da persoa interesada.

### Artigo 7. Persoas falecidas

1. A solicitude de expedición do título universitario oficial, do duplicado ou do SET correspondentes a unha persoa falecida poderá realizarse por un familiar que acredite un parentesco de primeiro grao de consanguinidade con ela ou por quen era o seu cónxuxe/parella de feito no momento do falecemento, presentando a seguinte documentación:

- a) Certificado de defunción.
- b) DNI/Pasaporte/NIE correspondente á persoa falecida.
- c) Algún dos documentos recollidos no artigo 4 desta normativa correspondente á persoa que fai a solicitude de expedición.
- d) Libro de familia que probe a relación de parentesco. No caso de parellas de feito, a acreditación do parentesco poderá realizarse mediante certificado da inscrición

Código Seguro De Verificación	ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	30/05/2024 14:43:00
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





nalgún dos rexistros específicos existentes nas comunidades autónomas ou municipios, ou mediante documento público no que conste a constitución da dita parella.

2. A solicitude de expedición dunha certificación académica persoal correspondente a unha persoa falecida poderá realizarse por un familiar que acredite un parentesco de primeiro grao de consanguinidade con ela ou por quen era o seu cónxuxe/parella de feito no momento do falecemento, presentando a seguinte documentación:

- a) Certificado de defunción.
- b) Algún dos documentos recollidos no artigo 4 desta normativa correspondente á persoa falecida.
- c) Algún dos documentos recollidos no artigo 4 desta normativa correspondente á persoa que fai a solicitude de expedición.
- d) Libro de familia que probe a relación de parentesco. No caso de parellas de feito, a acreditación do parentesco poderá realizarse mediante certificado da inscrición nalgún dos rexistros específicos existentes nas comunidades autónomas ou municipios, ou mediante documento público no que conste a constitución da dita parella.

3. A entrega do título universitario oficial ou do seu duplicado correspondente a unha persoa falecida poderá realizarse:

- a) A un familiar, sempre que acredite un parentesco de primeiro grao de consanguinidade con ela ou fora o seu cónxuxe/parella de feito no momento do falecemento, previa presentación dos documentos indicados no apartado 1 deste artigo, substituíndo na letra c) a expresión “á persoa que fai a solicitude de expedición” por “ao familiar que solicita a entrega”.

Se o familiar que solicita a entrega é o mesmo que fixo a solicitude de expedición, unicamente será necesario que acredite a súa identidade, o que poderá facer a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4 desta normativa.

- b) A unha persoa autorizada, sempre que a persoa que autorice acredite un parentesco de primeiro grao de consanguinidade co falecido ou fora o seu cónxuxe/parella de feito no momento do falecemento. A persoa autorizada deberá acreditar a súa identidade a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4 e presentar a autorización para efectuar a recollida, acompañada dos documentos indicados no apartado 1 deste artigo, substituíndo na letra c) a expresión “á persoa que fai a solicitude de expedición” por “ao familiar que autoriza”. Será autorización bastante o escrito en tal sentido asinado pola persoa interesada, no que debe constar o nome, apelidos e documento acreditativo da persoa autorizada.

Se o familiar que autoriza a entrega é o mesmo que fixo a solicitude de expedición, a persoa autorizada unicamente deberá presentar, dos documentos indicados no apartado 1 deste artigo, o correspondente á letra c), referido ao familiar que autoriza.

4. A entrega da certificación supletoria dos títulos comprendidos no ámbito de aplicación desta normativa e do SET deses títulos universitarios oficiais poderá realizarse, ademais de a través dos medios indicados no apartado 3 deste artigo, mediante envío por correo

Código Seguro De Verificación	ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	30/05/2024 14:43:00
Observacións		Páxina	4/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





postal con aviso de recepción á dirección que indique o familiar que solicitou o título ou a persoa que este autorice, coas mesmas esixencias recollidas no dito apartado 3. Este envío requirirá o pago da taxa que, a estes efectos, aprobe o Consello Social.

5. A entrega dunha certificación académica persoal correspondente a unha persoa falecida poderá realizarse:

a) A un familiar, sempre que acredite un parentesco de primeiro grao de consanguinidade con ela ou fora o seu cónxuxe/parella de feito no momento do falecemento, previa presentación dos documentos indicados no apartado 2 deste artigo, substituindo na letra c) a expresión “á persoa que fai a solicitude de expedición” por “ao familiar que solicita a entrega”.

Se o familiar que solicita a entrega é o mesmo que fixo a solicitude de expedición, unicamente será necesario que acredite a súa identidade, o que poderá facer a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4 desta normativa.

b) A unha persoa autorizada, sempre que a persoa que autorice acredite un parentesco de primeiro grao de consanguinidade con ela ou fora o cónxuxe/parella de feito no momento do falecemento. A persoa autorizada deberá acreditar a súa identidade a través de calquera dos documentos recollidos no artigo 4 e presentar a autorización para efectuar a recollida, acompañada dos documentos indicados no apartado 2 deste artigo, substituindo na letra c) a expresión “á persoa que fai a solicitude de expedición” por “ao familiar que autoriza”. Será autorización bastante o escrito en tal sentido asinado pola persoa interesada, no que debe constar o nome, apelidos e documento acreditativo da persoa autorizada.

Se o familiar que autoriza a entrega é o mesmo que fixo a solicitude de expedición, a persoa autorizada unicamente deberá presentar, dos documentos indicados no apartado 2 deste artigo, o correspondente á letra c), referido ao familiar que autoriza.

c) Mediante envío por correo postal con aviso de recepción á dirección que indique a persoa interesada ou a autorizada, coas mesmas esixencias recollidas nas letras anteriores, previo pago da taxa que aprobe o Consello Social para cada curso académico.

6. Non será necesario que os documentos acreditativos da identidade da persoa falecida estean en vigor.

### Disposición derogatoria

Queda derogada toda normativa de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido nesta Instrución e, en concreto, as seguintes:

- Instrución da Secretaría Xeral do 5 de novembro de 2004 referente á entrega de títulos universitarios oficiais.
- Instrución do xefe do Servizo de Organización Académica, do 26 de novembro de 2008, en relación cos documentos identificativos que se deben requirir para a expedición de títulos universitarios oficiais a cidadáns estranxeiros.
- Instrución do xefe do Servizo de Organización Académica, do 15 de decembro de 2010, sobre a expedición de títulos universitarios oficiais de alumnos falecidos.

Código Seguro De Verificación	ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	30/05/2024 14:43:00
Observacións		Páxina	5/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- Instrución da Secretaría Xeral do 23 de novembro de 2011 sobre solicitude de expedición de títulos universitarios oficiais e de certificacións académicas persoais.

**Disposición final. Entrada en vigor**

Esta Instrución entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial.

Código Seguro De Verificación	ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretaría Xeral - Marta María García Pérez	Asinado	30/05/2024 14:43:00
Observacións		Páxina	6/6
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA=">https://sede.udc.gal/services/validation/ut88ScVFjPB4ubxgiAUVmA=</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

